

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA PRIMARIA

1. Introducción e contextualización.

A Lei Orgánica de Educación, establece o dereito do alumno a recibir unha formación integral, que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade. A súa vez, a lei confírelle á ensinanza das relixións o tratamento académico que lles corresponde pola súa importancia para unha educación plena, e faino conforme ao previsto na Constitución española (art. 27.2 e 3) e nos Acordos subscritos ao respecto polo Estado español.

A lei así corrobora a relevancia do fenómeno relixioso e das súas manifestacións na cultura dos pobos, tendo en conta que os pais teñen dereito a que seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións (art. 27.3 da Constitución española). Así, a ensinanza da relixión e moral católica preséntase como opción confesional católica que fai posible, xunto a outras opcións, a formación plena do alumnado.

A opción confesional católica desenvolve especialmente a capacidade transcendente do alumno, facilitándolle unha proposta de sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Non podería existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. Esta capacidade básica do individuo adquire ou seu auténtico cumprimento na busca do sentido último da vida. Enraizada no máis fondo do ser, o alumno vai descubríndoa tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade nos símbolos e signos do seu medio, no progreso e na humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e, particularmente, na persoa de Xesucristo e na súa presenza na comunidade cristiá.

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns fondas da institución escolar e dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo subscrito entre o Estado español e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal establécense os principios que fan posible as garantías constitucionais.

O currículo da opción confesional católica é unha síntese básica e global do mensaxe cristiá, axeitada á idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais do medio e ás demandas didácticas do sistema educativo. Enmarcar nun contexto histórico e social inclúe parte do grande acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparada dos contidos e liñas básicas das grandes relixións viventes.

O C.E.P. Pedro Caselles Beltrán está ubicado no barrio de Mosteiro, na parroquia de Tomiño, onde están encravados a meirande parte dos servizos de que dispón o concello.

É unha zona rural que nos últimos anos está a absorber poboación que, procedente dos núcleos urbanos máis próximos, fixa aquí a súa residencia; o que repercute, non só nun aumento do alumnado, senón tamén nun progresivo cambio cultural, económico e social do mesmo.

Na zona non existe unha actividade cultural significativa, o que fai que a escola se convirza nun referente importante das actividades das nenas e nenos; polo que se constitúe así nun punto

de referencia fundamental no fomento da convivencia.

O alumnado procede maioritariamente da parroquia de Tomiño (Vilachán, Barro, O Seixo, Hospital) e tamén das parroquias de Forcadela e Estás, que constitúen núcleos de poboación máis pequenos e diferenciados en canto a actividades, modo de vida, relación co centro do concello, etc. Isto orixina unha poboación escolar diseminada, centrándose a convivencia dos nenos e nenas fóra da escola con aquelas/es do seu mesmo barrio ou parroquia.

2. Competencias clave.

Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia que «describen » ao alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivable e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os elementos transversais, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de valores presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as diferentes potencialidades con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Relixión Católica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilitáanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co medio natural de xeito respectuoso.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu medio.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Competencia: Conciencia e expresión cultural

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores que se van fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autoconecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Dotaráselle de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores que adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.

- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El. Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente,...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- Dimensión cultural e histórica. Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- Dimensión ético-moral. Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- Dimensión humanizadora. Faculta o alumno para dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- Dimensión epistemolóxica. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

Competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística

- escoitar, comprender, expoñer e dialogar.
- utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
- expresar emocións, vivencias e opinións.
- utilizar a linguaxe con versatilidade en función do contexto.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Coidar o medio.

- Consumir de xeito racional e responsable.
- Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida.

Competencia matemática

- Interpretar e expresar informacións.
- Descifrar códigos numéricos elementais.

Tratamento da información e competencia dixital

- Analizar a imaxe e as mensaxes que transmite.

Competencia social e cidadá

- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.
- Comunicarse en distintos contextos.
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.
- Comprender a realidade relixiosa e social a partir da súa análise.

Competencia cultural e artística

- Cultivar a propia capacidade estética mediante a expresión artística e a expresión plástica.
- Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, da imaxinación e da creatividade.
- Desenvolver habilidades e actitudes que permitan acceder ás distintas manifestacións.
- Coñecer as obras e as manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.
- Utilizar as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce.
- Manter unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas do patrimonio cristián.

Competencia para aprender a aprender

- Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continua-la.
- Perseverar e esforzarse, aceptar os erros e aprender deles.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Xestionar e controlar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.
- Lograr experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

Autonomía e iniciativa persoal

- Desenvolver valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.
- Afrontar os problemas e atopar solucións para eles.
- Elixir con criterio propio e levar adiante iniciativas no ámbito persoal.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, diálogo, agradecemento, cooperación e traballo en equipo.

3.Obxectivos.

Ao rematar a Educación Primaria pretender que o alumnado sexa quen de:

1. Coñecer os aspectos básicos das relixións relacionándoas co cristianismo.
2. Recoñecer os fundadores, e algúns elementos distintivos das grandes relixións vixentes, na

- súa resposta ás preguntas básicas sobre o sentido da vida e o compromiso dos crentes.
3. Coñecer a Biblia, a súa estrutura e sentido, identificando algúns textos básicos como Palabra de Deus.
 4. Descubrir a acción de Deus na natureza e na persoa, como fundamento e fonte dos valores básicos do ser humano.
 5. Identificar algúns personaxes fundamentais da Historia da Salvación e a súa resposta de fe, descubriendo o valor central da persoa de Xesucristo e a resposta de fe da Virxe María.
 6. Valorar a novidade do amor de Deus, que nos salva do pecado e da morte polo seu Fillo Xesucristo a través da vida e acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.
 7. Identificar o significado dalgúns acontecementos, formulacións, expresións e textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da vida do Espírito Santo non mundo e na Igrexa.
 8. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, coñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e no servizo eclesial prestado polos apóstolos e os seus sucesores.
 9. Comprender e distinguir o sentido sacro, festivo, cultural e celebrativo das festas e dous seus ritos nas relixións monoteístas, relacionándoas cos aspectos culturais e celebrativos da liturxia.
 10. Analizar a xerarquía de valores, actitudes e normas que conforman o ser cristián, e aplicarlos ás distintas situacións da vida.
 11. Valorar que a fe cristiá implica asumir responsabilidades, coñecer e comprender a raíz e o sentido da acción e do compromiso cristián, e manter unha actitude de tolerancia e de respecto ante os sistemas éticos das distintas relixións.
 12. Coñecer, valorar e respectar o patrimonio relixioso, artístico e cultural, que se manifesta a través da linguaxe simbólica e icónica da arquitectura, da pintura, da literatura, da música e da liturxia, como expresión da fe católica e doutras relixións.
 13. Descubrir que o destino eterno do home comeza aquí como don que xorde da vitoria de Cristo sobre a morte.

4. Contidos.

Primeiro nivel

- . A Creación como obra admirable de Deus para o ser humano.
- . A Palabra de Deus e a comunicación de Deus co home.
- . Deus maniféstase como Deus Pai, creador e misericordioso.
- . O amor de Deus que nos fai fillos seus.
- . Os fillos de Deus podemos falar con El.
- . Xesucristo ensínanos.
- . Deus manifesta o seu amor dando a vida por nós.
- . Xesucristo resucitou, acompañanos e queda connosco.
- . A gran familia dos fillos de Deus, a Igrexa, cre, reza e reúnese para celebrar o amor de Deus.
- . As festas e as celebracións do ano litúrxico. O sentido da festa cristiá: Deus connosco.
- . Significado das festas marianas máis importantes.
- . Significado e sentido dalgúns símbolos relixiosos nas celebracións: a auga, o lume, a luz, o aceite, os xestos, a música.
- . A gran festa do ceo como regalo de Xesús para os seus amigos.

Segundo nivel

- . A creación do ser humano e do mundo, obra admirable de Deus e tarefa para o home.
- . Estrutura e sentido da Biblia, Palabra de Deus.
- . A resposta do home a Deus. O valor da oración como relación con Deus. Significado do templo e das imaxes.

- . Deus quere a felicidade do ser humano. O seu amor e a súa providencia.
- . Deus amosa o seu amor. A intervención salvadora de Deus na historia do pobo de Israel, asumida pola Tradición cristiá.
- . O amor de Deus é fonte de verdade e de bondade para os que cren.
- . Os Mandamentos, expresión da lei natural e do amor de Deus. Regra de conduta humana e cristiá.
- . Deus envía o seu Fillo Xesucristo para o perdón dos pecados dos fillos. Xesucristo: camiño, verdade e vida.
- . Principais ensinanzas da vida de Xesús narradas nos Evanxeos. As parábolas.
- . Deus manifesta o seu amor coa morte do seu Fillo. Última Cea, Paixón, Morte e Resurrección. Deus fica con nosoutros: o Espírito Santo.
- . Formamos a gran familia dos fillos de Deus: a Igrexa, que se xunta para celebrar o amor de Deus.
- . Os ritos como expresión da relación con Deus. O culto cristián.
- . O cristián agarda a festa grande do ceo.

Terceiro nivel

- . A acción de Deus creador do home e a muller, superiores a todo o creado. Valores que xorden da creación, a fraternidade.
- . O ser humano necesita a axuda de Deus. Xesús puxo a súa confianza no seu Pai Deus.
- . A ruptura do home con Deus polo pecado.
- . A resposta de Deus á separación do home mostrando a súa misericordia.
- . A celebración da vinda de Xesús en Nadal. O seu amor e a súa salvación.
- . A salvación de Deus chéganos coa morte e a resurrección de Xesucristo, Salvador, vencedor do pecado e da morte, vive para sempre.
- . A acción do E.S. está sempre presente na Igrexa.
- . Os sacramentos da Igrexa. Penitencia.
- . A fe e o seguimento dos apóstolos é a súa resposta ao amor que Xesucristo lles mostra.
- . O Mandamento do Amor a Deus e aos demais e os mandamentos, expresión da lei natural e do amor de Deus. Regra de conduta humana e cristiá.
- . O valor das festas no novo pobo de Deus. A acción de grazas a Deus nas festas relixiosas.
- . O cristián realiza un camiño que culmina na vida eterna

Cuarto nivel

- . A acción salvadora de Deus a través dos patriarcas e de Moisés no pobo xudeu. Sentido salvífico e compromiso co home no Xudaísmo, no Cristianismo e no Islám.
- . A promesa de salvación que Deus lle fai ao home cúmprese na persoa de Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home.
- . Significado da vida de Xesús en canto entrega persoal e compromiso con todos os homes.
- . O perdón de Deus e a súa misericordia. Os milagres de Xesús.
- . A vitoria sobre o pecado e sobre a morte. Xesucristo, o Mesías, o Salvador, resucitou e vive para sempre.
- . A fe e o seguimento, resposta a Xesucristo. O mandamento do amor.
- . A Igrexa, o Corpo de Cristo.
- . A salvación de Deus a través dos sacramentos da Igrexa. Os sacramentos da Iniciación e da Reconciliación.
- . A Eucaristía, orixe e meta da vida cristiá.
- . A Virxe María, Nai da Igrexa. Sentido das advocacións.
- . Comparación entre as principais expresións artísticas das relixións monoteístas. Identificación da fe do autor e da comunidade.

Quinto nivel

- . Estrutura do fenómeno relixioso.
- . As respostas ás preguntas sobre o mal, a dor e a morte.
- . A Biblia como fonte de valores para o mundo actual. A solidariedade, o compromiso cos pobres e o respecto ás conviccións relixiosas.
- . O gran misterio da salvación e a redención de Xesucristo, Salvador e Redentor do pecado e da morte. O cordeiro de Deus que quita o pecado do mundo.
- . A presenza da Virxe María no Evanxeo. María signo de fe e de esperanza.
- . Xesús chama e envía os seus discípulos por todo o mundo para continuar a súa obra de salvación. A expansión da Igrexa.
- . Os sacramentos para o crecemento e a propagación do Pobo de Deus: Confirmación, Orde sacerdotal.
- . A Igrexa, novo Pobo de Deus. A estrutura e composición da Igrexa, un signo visible do amor do Pai. O Papa, os bispos, os sacerdotes, a Igrexa universal e a Igrexa diocesana.
- . A Biblia e a promesa do Señor que ha de vir con gloria a xulgar a vivos e a mortos. A Unción dos enfermos.

Sexto nivel

- . A estrutura da relixión. O concepto de Deus e de home. Orixe e destino do home. As mediacións.
- . Manifestacións da estrutura do fenómeno relixioso na Antigüidade (Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma).
- . As respostas ás grandes preguntas do ser humano no Xudaísmo, no Cristianismo e no Islám. O sentido e o alcance da fe e das boas obras.
- . O ser humano, o sentido da súa vida e a súa salvación no Hinduísmo e no Budismo.
- . A dignidade do ser humano creado por Deus Pai. Os dereitos humanos.
- . Relatos do Novo Testamento nos que as testemuñas acreditan que Xesucristo é Fillo de Deus e verdadeiro home.
- . Xesucristo, Salvador e Redentor do pecado e da morte.
- . O home novo e a lei do Espírito. O amor de Deus e o amor ao próximo.
- . O ser humano é responsable dos seus actos. O valor da conciencia, da verdade, da liberdade e da vontade.
- . Os sacramentos para o crecemento e a propagación do Pobo de Deus: Orde sacerdotal e Matrimonio.
- . A Igrexa, novo Pobo de Deus. Manifestacións da estrutura xerárquica da Igrexa. O Papa, os Bispos, os Sacerdotes, a Vida Consagrada. A Igrexa Universal e a Igrexa diocesana.
- . A Igrexa no mundo actual. Significado e sentido das notas da Igrexa. Mapa das grandes relixións no mundo de hoxe.
- . Respecto ás conviccións relixiosas como condición mínima para a convivencia.
- . Compromiso e solidariedade co mundo de hoxe: manifestacións na Igrexa e noutras relixións.
- . As festas do pobo de Deus. O seu valor comunitario e conmemorativo. O encontro con Deus a través das festas.
- . Manifestacións da presenza de Deus na cultura cristiá. Valoración das expresións artísticas das relixións presentes no medio.
- . Deus prepara unha terra nova onde habitará a xustiza. A Unción dos enfermos. As postremerías do ser humano.

5. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábles e grao mínimo de consecución (mínimos) para superar a materia.

- . Relata coas súas palabras o amor do Pai Deus por todos nós.
- . Describe a natureza como a festa da creación de Deus.
- . Manifesta agradecemento a Deus Pai pola natureza a través de debuxos, oracións, xestos en clase...
- . Indica algúns textos bíblicos que sinalan que Deus Pai non nos deixa sós.
- . Memoriza a oración do Nosopai.
- . Repite oracións sinxelas para expresar amor a Deus Pai.
- . Enumera accións que o Señor realiza para ser mellores fillos de Deus.
- . Sabe que Xesús resucitou e está sempre connosco.
- . Cóntalles aos demais compañeiros o que fan na súa familia, no seu contorno próximo, como Xesús nos ensina.
- . Coñece pasaxes do Novo Testamento en que se manifesta a fe en Xesús Resucitado.
- . Describe con algúns trazos o que é unha familia e o que é unha comunidade cristiá.
- . Sabe que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa.
- . Recoñece na Igrexa diversas manifestacións que expresan a loanza a Deus Pai.
- . Valora e sabe que o ceo é a casa de Deus onde nos encontraremos con Xesús.
- . Recoñece o amor de Deus connosco ao crearnos á súa imaxe.
- . Enumera aspectos valiosos das persoas (servizo, altruísmo, capacidade de inventiva...).
- . Sabe que necesita confiar no Señor para vencer o mal.
- . Identifica algúns feitos e palabras de Xesús que mostran o amor de Deus ao home.
- . Comprende e valora accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre os seus milagres, a súa morte e resurrección.
- . Comprende e é capaz de explicar que quen une os membros da Igrexa é o Espírito Santo.
- . Identifica en relatos vocacionais (María, Zaqueo, Pedro, Paulo) o cambio que lles produciu encontrarse con Xesús.
- . Recoñece que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.
- . Coñece e relaciona os sacramentos da Reconciliación.
- . Sabe que o Espírito Santo nos axuda a coñecer a Xesús e dános forzas para segui-lo e ser testemuñas súas
- . Sabe razoar que a fe e as obras son respostas ao amor de Deus, manifestado en Xesucristo.
- . Fundamenta o sentido do Mandamento do Amor como insignia Xesús.
- . Sabe aplicar na relación cos amigos e a familia algúns valores xerados na persoa de Xesucristo, a humildade, o servizo, o amor.
- . Recoñece o sentido relixioso nalgúns obras artísticas e xestos litúrxicos.
- . Sabe explicar o significado dalgúns textos evanxélicos que fagan referencia á vida eterna.
- . Valora algúns signos e símbolos representativos do fenómeno relixioso na Antigüidade.
- . Sabe que Deus é creador e faino por amor.
- . Comprende as principais respostas ás preguntas sobre o mal, a dor e a morte, fundamentadas na acción Salvadora de Xesucristo.
